



CEIP XESÚS GOLMAR
curso 2018 - 2019

ENCHENDO?
A MÓCHILA
DE ILUSIÓNS

teléfono: 886 15 12 72 / fax: 886 15 12 73
<http://www.edu.xunta.es/centros/ceipxesusgolmar/>
correo electrónico: ceip.xesus.golmar@edu.xunta.es

I. O CEIP XESÚS GOLMAR

A Dirección do centro dálles a benvida a este novo curso que comeza a todos os integrantes da comunidade educativa e informálles que na secretaría do centro está a súa disposición o Proxecto Educativo no que están recollidas as normas de organización e funcionamento e as notas de identidade do centro.

SAÍDA DE CLASE DO ALUMNADO NON TRANSPORTADO:

Unha vez rematada a xornada escolar, acompañarase ao alumnado non transportado ata a saída (comprobando que sae todo o alumnado), onde agardarán os proxenitores. **SÓ SE ENTREGARÁ PERSOALMENTE AQUEL ALUMNADO QUE POR CIRCUNSTANCIAS ESPECIAIS ASÍ O DEMANDEN AOS PROXENITORES.** Estes poderán autorizar a outro adulto ou a un irmán ou irmá que curse 5º ou 6º de EP ou cursos superiores cubrindo a autorización que se lle facilitará no centro.

RECOLLIDA DO ALUMNADO NON TRANSPORTADO:

As persoas responsables teñen a obriga de comunicar ao centro calquera retraso na recollida do alumnado. De non ser posible contactar coas mesmas e transcorrida media hora, integrárase no servizo de comedor ou en Enrédate, correndo os gastos a cargo dos proxenitores: De repetirse a situación en mais de catro ocasións, procederase á condución dos escolares as dependencias da Garda Civil ou da Policía Local. A reiteración desta circunstancia dará lugar a comunicación dos feitos aos Servizos Sociais.

TRANSPORTE ESCOLAR

Será usuario lexítimo do transporte escolar gratuíto o alumnado cuxo domicilio se encontre fóra do núcleo urbano e, en calquera caso, a unha distancia superior a 2 Km. calculada **utilizando o itinerario máis directo**, sen desvíos e rodeos innecesarios. Para manter a condición de **usuario lexítimo** fará **uso continuado do transporte escolar, entendido este como o uso repetitivo del en DÍAS FIXOS DA TOTALIDADE DAS SEMANAS DO CURSO. A non utilización do transporte todos os días será comunicada mediante escrito a Dirección do centro.** O alumnado que non fagan uso do transporte escolar de xeito **continuo**, perderá dita condición e **non terá acceso preferente ao comedor escolar.**

RECOLLIDA NAS PARADAS DE TRANSPORTE:

O alumnado será recollido na parada pola persoa responsable que comunicará ao centro o seu teléfono de contacto que será facilitado á persoa acompañante do autobús. No caso de autorizar a terceiras persoas adultas, irmáns ou irmás entregarase a correspondente autorización no centro. A partir de 5º EP o alumnado poderá baixar só previa presentación no centro da autorización correspondente.

O tempo máximo de espera nas paradas para a recollida do alumnado non excederá de 5 minutos. Transcorridos estes continuará co itinerario habitual, levando consigo ao alumnado non recollido. Nestes casos a acompañante porase en contacto co teléfono facilitado para que o recollan na seguinte parada ou ben nas dependencias da empresa.

COMEDOR ESCOLAR

Selección e admisión de usuarios:

- a) **Alumnado usuario de comedor no curso escolar anterior, salvo que variase substancialmente o criterio polo cal fose admitido.**
- b) **Alumnado usuario lexítimo do servizo de transporte escolar.**
- c) **Alumnado en situación socioeconómica moi desfavorable ou que teña unha discapacidade igual ou superior ao 33%.**
- d) **Alumnado membro de familias numerosas.**
- e) **Alumnado fillo de proxenitores con incompatibilidade horaria.**
- f) **Outro alumnado do centro.**

As listas de admitidos serán expostas no taboleiro de anuncios do centro.

Todas as persoas que sexan admitidas provisionalmente no comedor escolar deberán cubrir o modelo de autodeclaración (**Anexo II cos datos da declaración do 2016**), agás as unidades familiares que pertencen a usuarios gratuítos de servizo de comedor os cales terán que presentar a documentación acreditativa da situación que lles fai acredores da gratuidade.

O incumprimento do pagamento do servizo de comedor e entrega do xustificante correspondente **na secretaría do centro antes do 20 de cada mes**, impedirá o uso de comedor ao mes seguinte mentres non se regularice a situación para o que conta cun prazo máximo de dous meses. Os usuarios que durante o prazo dun mes non fagan uso do comedor coa frecuencia solicitada, causarán baixa automaticamente no servizo de comedor agás que a ausencia estea debidamente xustificada.

II. LIBROS DE TEXTO

AXUDAS LIBROS

1. Modalidade **cheque**, destinadas **exclusivamente** á adquisición **de libros de texto para 1º e 2º de educación primaria.**

FONDOLIBROS

2. Os libros de texto utilizados no curso 2018/19 formarán parte do Fondo libros. Ao inicio do curso, os proxenitores deberán asinar un documento no que figuren os libros entregados. O alumnado está obrigado a usalos correctamente e a conservalos en bo estado; así mesmo, deberá devolvelos para a súa incorporación ao fondo solidario ao rematar o curso. De non facelo será excluído do fondo solidario. Se se extravía ou se fai mal uso dos libros deberán repoñelos. **Todas as persoas con dereito ao vale de material deberán destinalo á adquisición de material escolar.**

III. HORARIO ESCOLAR

XUÑO E SETEMBRO: De 9:00 a 13:45 horas.

DE OUTUBRO A MAIO: De 9:00 a 13:30. Os mércores tamén de 15:00 a 17:30 horas.

A saída do comedor escolar será ás 14:30 horas.

Só o alumnado de Educación Infantil será recollido na entrada.

IV. HORARIO DE ATENCIÓN AO PÚBLICO

SECRETARÍA: De luns a venres en horario escolar. De 9:10 horas a 13:10 e os mércores tamén de 15:10 a 17:00 horas.

DIRECCIÓN E XEFATURA DE ESTUDOS: De luns a venres de 9:15 a 9:45 horas, e dependendo da dispoñibilidade, dentro do horario lectivo.

TITORÍAS: **Os martes de 15:30 a 16:30 horas.** É conveniente avisar da visita con antelación a través do alumnado.

Por motivos de seguridade non se permitirá o acceso ás aulas durante o horario lectivo.

V. PERÍODOS LECTIVOS E DE VACACIÓNS. (DOG Núm.118. Venres, 8 de xuño de 2018).

ACTIVIDADES LECTIVAS: Do 12 de setembro de 2018 ata o 21 de xuño de 2019, ambos inclusive.

FESTAS DE LALÍN: O 24 e 25 de setembro.

DÍA DO ENSINO: O 7 de decembro de 2018.

NADAL: Desde o 22 de decembro de 2018 ata o 7 de xaneiro de 2019, ambos os dous inclusive.

ENTROIDO: O 4, 5 e 6 de marzo de 2019.

SEMANA SANTA: Desde o 13 ata o 22 de abril de 2019, ambos os dous inclusive.

VI. DATAS DE AVALIACIÓN

Os boletíns informativos serán entregados nas datas seguintes.

1ª Avaliación: 21 de decembro de 2018.

2ª Avaliación: 12 de abril 2019.

3ª Avaliación: 21 de xuño de 2019.

VII. ORGANIZACIÓN DO CENTRO

EQUIPO DIRECTIVO

DIRECTORA: Chus López Campos.

XEFA DE ESTUDOS: Ana González Gamallo.

SECRETARIA: Ana Mª Gaiteiro Vence.

ORIENTADORA: Mª Dolores García Prieto

ENCARGADO DE COMEDOR: Anxo Barcala Sánchez.

COORDINADORES/AS DOS DEPARTAMENTOS

ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS: Patricia Álvarez Rguez.

DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA: Isabel García Granja.

COORDINACIÓN PEDAGÓXICA: Ana Fernández Cuñarro.

ENCARGADA DE BIBLIOTECA: Ana Belén Mariño Taboada.

DINAMIZACIÓN DAS TIC: .Alejandro Piñeiro Rodríguez

PROFESORADO TITOR E COORDINACIÓNS DE CICLO

EDUCACIÓN INFANTIL

4º INF. A: Vanessa Ferreiro Agra.

4º INF. B: Teresa Miguélez Meijide.

4º INF. C: Mª José Ferradás García.

5º INF. A: Mª Luisa Porral Escalonio.

5º INF. B: Genoveva Vázquez Fernández.

5º INF. C: Mª Cruz Figueiras Gutiérrez.

6º INF. A: Montserrat Piñón Fondevila.

6º INF. B: Mª José Golmar Varela.

6º INF. C: Patricia Álvarez Rodríguez.

APOIO A INFANTIL: Mª José Fernández García, Verónica Simón Mejuto, Xan Molina Quiroga.

COORDINADORA: Mª José Fdez García.

EDUCACIÓN PRIMARIA.

1ºA: Rebeca Espiño López.

1ºB: Rosario Golmar Saavedra.

1ºC: Isabel Vázquez Pérez.

2ºA: Mª Isaura Baños Gándara.

2ºB: Diana Rodríguez Nogueira.

2ºC: Elva Rodríguez Val.

COORDINADORA PRIMEIRO E SEGUNDO NIVEL: Rebeca Espiño López

3ºA: Cristina Gómez Silva.

3ºB: Mª Carmen Méndez García.

3ºC: Mª Paz González Cumplido.

4ºA: Milagros Cacheda Pérez.

4ºB: Isabel García Granja.

4ºC: Xosé Nercellas Méndez.

COORDINADORA DE TERCEIRO E CUARTO NIVEL: Cristina Gómez Silva

5ºA: Margarita López Portela.

5ºB: Concepción Chao Núñez.

5ºC: Patricia Fernández Ferreiro.

5ºD: Ana Belén Mariño Taboada.

6ºA: Sara Coego Diéguez.

6ºB: Mercedes González Lamazares.

6ºC: Ada Ferreiroa Granja.

COORDINADOR DE QUINTO E SEXTO NIVEL: José Antonio Nercellas Pena

PROFESORADO ESPECIALISTA

EDUCACIÓN FÍSICA: José Antonio Nercellas Pena e Anxo Barcala Sánchez.

EDUCACIÓN MUSICAL: Alejandro Piñeiro Rodríguez.

INGLÉS: Mª Luz Moure Sixto, Ana González Gamallo, Ana Mª Gaiteiro Vence e Mª Teresa Lorenzo Conde.

RELIXIÓN: Mª Carmen Ares González e Mª Dolores Losada Vázquez.

PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA: Ana Fernández Cuñarro e Yolanda Rodríguez Segade.

AUDICIÓN E LINGUAXE: Dondina Vilariño Vázquez e Marta López García.

PERSONAL NON DOCENTE

ADMINISTRATIVA: María Dolores Seara Atanes.

COIDADORAS: Soledad Amado Pardevila, Isabel Taboada Lamas e Marcial Barral Vázquez.

CONSERXE: Antonio Iglesias Pereira.

PERSONAL COCIÑA: Marcial Justo Sanmamed, Rosa Mª Rozados Troitiño, Maribel Otero Pigueiras, Analía Puza Cao e Isabel Cendán Flores.

VIII. ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

A ANPA Agro de Abaixo, neste curso 2018/2019, ten programadas varias actividades extraescolares para o alumnado, entre as que destaca o programa de conciliación da vida laboral e familiar "Enrédate", Aloha, pintura, ballet, zumba, fútbol sala, balonmán, rugby, robótica, kunfú, inglés... Durante o mes de setembro estarán no local da ANPA dentro do colexio, de 9:00 a 10:00, ao longo do curso os mércores no mesmo horario, e os martes de 16:30 a 17:00 e no correo electrónico anpa.agrodeabaixo@nontedurmas.org. Temos páxina de facebook "ANPA Agro de Abaixo CEIP Xesús Golmar e o teléfono da ANPA é o 616 212 632.

CALENDARIO ESCOLAR 2018-2019

setembro	outubro	novembro
L M M X V S D 1 2 3 4 5 6 7 8 9 10 11 12 13 14 15 16 17 18 19 20 21 22 23 24 25 26 27 28 29 30	L M M X V S D 1 2 3 4 5 6 7 8 9 10 11 12 13 14 15 16 17 18 19 20 21 22 23 24 25 26 27 28 29 30 31	L M M X V S D 1 2 3 4 5 6 7 8 9 10 11 12 13 14 15 16 17 18 19 20 21 22 23 24 25 26 27 28 29 30
decembro	xaneiro	febreiro
L M M X V S D 1 2 3 4 5 6 7 8 9 10 11 12 13 14 15 16 17 18 19 20 21 22 23 24 25 26 27 28 29 30 31	L M M X V S D 1 2 3 4 5 6 7 8 9 10 11 12 13 14 15 16 17 18 19 20 21 22 23 24 25 26 27 28 29 30 31	L M M X V S D 1 2 3 4 5 6 7 8 9 10 11 12 13 14 15 16 17 18 19 20 21 22 23 24 25 26 27 28
marzo	abril	maio
L M M X V S D 1 2 3 4 5 6 7 8 9 10 11 12 13 14 15 16 17 18 19 20 21 22 23 24 25 26 27 28 29 30 31	L M M X V S D 1 2 3 4 5 6 7 8 9 10 11 12 13 14 15 16 17 18 19 20 21 22 23 24 25 26 27 28 29 30	L M M X V S D 1 2 3 4 5 6 7 8 9 10 11 12 13 14 15 16 17 18 19 20 21 22 23 24 25 26 27 28 29 30 31
xuño		
L M M X V S D 1 2 3 4 5 6 7 8 9 10 11 12 13 14 15 16 17 18 19 20 21 22 23 24 25 26 27 28 29		

CONMEMORACIÓNS

- *20 de novembro. Día Universal da Infancia.
- *25 de novembro: Día internacional contra a Violencia de Xénero.
- * 7 de decembro: Día do Ensino.
- *3-10 decembro: Constitución e Estatuto de Autonomía de Galicia.
- *3 de decembro: Día internacional das Persoas con Discapacidade.
- *10 de decembro: Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.
- *30 de xaneiro: Día da non Violencia e a Paz.
- *8 de marzo: Día Internacional da Muller.
- *15 de marzo: Día Mundial dos Dereitos do Consumidor.
- *11 ao 15 de marzo: Semana da Prensa (un día traballarase na aula con xornais).
- *7 de abril: Día Mundial da Saúde.
- *23 ao 26 de abril: Semana do Libro.
- *2 de maio: Día contra o Acoso Escolar.
- *9 de maio: Día de Europa.
- *13-17 de maio: Semana das Letras Galegas.
- *5 de xuño: Día Mundial do Ambiente.

COMEZO E FIN DE CURSO

ENTREGA DE BOLETÍNS

FESTIVOS E VACACIÓNS